



**Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na presentación do libro *Os discursos parlamentarios de Xerardo Fernández Albor***

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia

11 de xaneiro de 2016, 18,00 h.

Presidente da Xunta de Galicia,

Profesor Agís,

Delegado do Goberno,

Presidente Pérez Touriño,

Presidente Pérez Vidal,

Conselleiros,

Membros da Mesa,

Portavoces e deputados,

Autoridades,

Señores e señoras,



Boas tardes e moitas grazas por nos acompañaren neste acto, que ten para min unha significación especial

Convócanos hoxe a presentación dun libro cos discursos parlamentarios do presidente Fernández Albor (a quen lle gustaría estar presente neste acto pero disculpouse pola súa saúde), o primeiro libro dunha colección na que lle seguirán os volumes correspondentes aos presidentes que o sucederon: González Laxe, Fraga Iribarne, Pérez Touriño e Núñez Feijóo.

As tecnoloxías da información poñen diante de nós, infinidade de datos, pero pecan dun exceso de dispersión que só os máis avezados, e non sempre, son quen de superar atinadamente.

Con esta colección, iniciada polo volume dedicado ao Dr. Fernández Albor, queremos suplir esa carencia, poñendo á disposición de todas as persoas interesadas, o gran público, pero tamén dos estudosos, o material seleccionado, algún non precisamente doado de atopar cando se busca nas fontes clásicas. O texto estará á disposición de todos en soporte papel, pero tamén en forma de libro electrónico libremente accesible a través da web do Parlamento de Galicia.

Un texto introdutorio –obra de Marcelino Agís, autor escollido polo presidente Albor– enriquece o conxunto, na medida en que axuda a contextualizar, desde a óptica histórica e política, a época en que o protagonista do volume presidiu Galicia.



A nosa sociedade é pródiga en reproches e parca en recoñecementos aos servidores públicos. Conste que, pola miña condición de parte interesada, non podo nin debo xulgar esta realidade; só podo constatala.

Isto sucede agora, pero non acontecía con menos intensidade, senón máis ben todo o contrario, nos primeiros tempos da Transición política e durante a etapa na que a Gerardo Fernández Albor lle tocou presidir a Xunta de Galicia, a primeira Xunta autonómica, xurdida logo da constitución da primeira legislatura do Parlamento, celebrada o xa afastado 19 de decembro de 1981.

Falamos dun tempo en que todo estaba por facer en materia de autogoberno e no que as institucións carecían do máis necesario, comezando polas súas propias sedes. Todas eran prestadas. Desde o Parlamento, instalado inicialmente no arcebispal Pazo de Xelmírez, ata a Presidencia da Xunta, asentada en dependencias municipais do veciño Pazo de Raxoi.

Todo estaba por facer, insisto, pero todo semellaba posible; porque a ilusión e a capacidade daquela xente non coñecía límites. Era o comezo dun tempo longamente acariñado.

Coa toma de posesión do Dr. Fernández Albor como presidente da Xunta, materializábase unha das arelas longamente ansiadas polos herdeiros dos galeguistas históricos.



Ramón Piñeiro, cuxo centenario se celebrou precisamente o pasado ano, foi un dos principais –se non o principal– facedor daquela estratexia impulsada desde o colectivo Realidade Galega e encamiñada a impregnar co orballo do galeguismo os partidos de ámbito estatal nun momento no que Galicia se dispoñía a transitar e a ensanchar, por si mesma, a súa propia senda autonómica.

Galicia dicía Piñeiro eramos –somos– todos. E de todos era e é a obriga de entendela, de loitar por ela, de falar a súa lingua. De todos é a obriga de defender o noso.

Unha estratexia que inzou de galeguismo a entón denominada Alianza Popular da man de Fernández Albor (militante do Partido Popular, pertencente a Democracia Cristiana, nas primeiras eleccións do ano 76), como o faría tamén nas filas do PSdeG-PSOE a través do propio Ramón Piñeiro, de Carlos Casares ou de Benxamín Casal, deputados independentes, xunto con Alfredo Conde.

Foron tempos complicados mais, malia todo, e visto con perspectiva, que é como se deben analizar as situacións, o balance resultou altamente satisfactorio.

Falo, por referirme só ao ámbito parlamentario, de leis de tanta transcendencia como as de fixación da sede das institucións, de normalización lingüística, do Consello da Cultura Galega, de Símbolos, do Valedor do Pobo ou da CRTVG, entre outras.



Pero falo tamén das dificultades políticas por todos coñecidas, que non impediron forxar pactos froito da xenerosidade, do espírito de concordia que latexaba de fondo, e que fixo posible sentar os alicerces do que hoxe coñecemos como o edificio institucional da Comunidade Autónoma.

Refírome tamén ás tensións económicas e sociais rexistradas naquel momento, xusto cando Galicia encaraba a maior transformación coñecida en décadas, como consecuencia do ingreso de España na CEE.

Ese foi o escenario que lle tocou xestionar a Gerardo Fernández Albor, que ao tomar posesión por vez primeira como presidente da Xunta, en San Domingos de Bonaval, xurara construír unha Galicia “sen sectarismos intransixentes, sen fanatismos intolerantes”.

Falo dun home que sempre fixo gala de boas maneiras. Cheo de bonhomía. Falo dun home cun prestixio profesional no campo da medicina que trasladou o escaario político.

Contan os que viviron con el aquela etapa fundacional da autonomía que xamais se lle escoitou descualificar a ninguén en público, nin sequera nos malos momentos, aos que tivo que enfrontarse con frecuencia.

E falo tamén de quen deu un exemplo de dignidade persoal e política ao abandonar a Xunta trala moción de censura.

Ese é o home ao que hoxe queremos render esta pequena gran homenaxe. Dicía anteriormente que con frecuencia somos escasos en



recoñecementos e pródigos en reproches cos nosos contemporáneos, e mesmo cos devanceiros.

Ao presidente Albor, os recoñecementos chéganlle con atraso e, seguramente, de xeito insuficiente. Pero estou segura de que a historia saberá recoñecer o seu mérito.

O Parlamento de Galicia, consciente de que o coñecemento do pasado pode axudar a ben guiar o futuro, quere poñer en valor e facilmente accesible para calquera de nós o que xa foi, co fin de que non se repitan os erros, se agradezan actuacións e se semente doadamente o vindeiro camiño.

Este libro é, en suma, unha modesta contribución para que o seu nome –o de Gerardo Fernández Albor– figure entre os dos grandes homes da historia de Galicia. Merecidamente.